

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 20250623

EXPEDIENTE: 2025/G003/000965

EXPEDIENTE: 2025/G007/000012

De acordo co decreto da alcaldía núm. 899/2023 de data 26 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto martes de cada mes ás 9:30 horas (nove e media da mañá).

De conformidade co apartado 4 do resolvo do referido decreto, non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo do alcalde, poderá este alterar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local un día distinto da semana e á hora que estime axeitada, respectando sempre a periodicidade mínima establecida e as normas legais sobre a forma e os prazos das convocatorias, e en particular, serán criterios a ter en conta para a convocatoria das sesións ordinarias para día distinto do establecido como preferente, entre outros, calquera asunto que xustifique razonadamente a decisión e sendo festivo local o martes 24 de xuño de 2025.

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **23 DE XUÑO DE 2025 (luns)**, ás **09:30 horas (nove e media da mañá)**, na **sala de xuntanzas da alcaldía da Casa do Concello**, en primeira convocatoria e, de non haber “quorum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

ORDE DO DÍA

ASUNTO/S
1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES: - ORDINARIA núm. 2025/11, do 10 de xuño de 2025
2.-LICENZA DE OBRA a) Expediente nº: 2025/U022/000009 Promotor: ELECTRA DE SANTA COMBA S.L. Obra: “PROXECTO DE LINEA DE MEDIA TENSION SOTERRADA PARA ENLACE CT LABREGOS-CT CARREIRO” , Situación: Santa Comba Licenza de obra nº: 20/25 b) Expediente nº: 2025/U023/000001 Promotor: M ^a Dosinda Mallón García Obra: Desmontado de edificación auxiliar existente (desmontado de ruínas existentes) Situación: O Castro. Freixeiro Licenza de obra nº: 21/25 c) Expediente nº: 2024/U022/000011 Promotor: FARIÑA ESPASANDIN SC Obra: “PROXECTO DE MELLORA DE EXPLOTACION GANDEIRA EXISTENTE COA CONSTRUCCION DE ESTABLO PARA VACUN DE LEITE, FOSA DE PURIN E SILO DE FORRAXE” Situación: O Ribeiro. Mallón Licenza de obra nº: 22/25

3.-PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Expediente núm.: 2025/A002/000002

Asunto: Aprobación bases convocatoria pública de bolsas de estudo de educación infantil para o curso escolar 2025-2026**4.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL****5.-DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO TITULAR NA ACTIVIDADE INFORMADO FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.****6.- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.****7.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto:

ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

A acta da sesión ordinaria núm. 2025/11, do 10 de xuño de 2025 foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 13/06/2025, rexistro de saída núm. 202500000002158/13-06-2025.

Esta resolución notifícase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe, o secretario accidental

(PR da DXAL do 25/03/2021 e P. Dalc. núm. 906/2025, do 19/06/2025)

Evaristo Lois Rama